



O MEDIO FÍSICO DE ESPAÑA E GALICIA



"Os Ancares" (Isidro Cea, CC BY-NC-ND 2.0).




ÍNDICE

O MEDIO FÍSICO DE ESPAÑA E GALICIA

1. O MEDIO FÍSICO DE ESPAÑA.....	1
1.1 Relevo continental e ríos de España.....	1
1.2 Climas e vexetación de España.....	4
<i>Exercicios</i>	6
2. O MEDIO FÍSICO DE GALICIA.....	7
2.1 Relevo e ríos de Galicia.....	7
2.2 Climas e vexetación de Galicia.....	9
<i>Exercicios</i>	10
SOLUCIÓN.....	11

1. O MEDIO FÍSICO DE ESPAÑA

Analizaremos o medio físico de España distinguindo tres grandes apartados: o relevo, as augas e os climas.



1.1 Relevo continental e ríos de España

Podemos organizar o relevo de España, e mesmo o da península ibérica, tomando como referencia á **meseta central**, unha elevada meseta que ocupa a parte central da península:

Unidades do relevo continental de España	
Meseta central	A meseta central (lembramos que unha <i>meseta</i> é unha grande extensión de terreo máis ou menos chá e elevado), que se divide en dúas partes polo Sistema Central (unha cadea montañosa): - A submeseta norte, na cal se atopa o val do Douro percorrido polo río Douro (Duro). - A submeseta sur, na cal se sitúan os montes de Toledo e o val do Texo percorrido polo río Texo (Tajo).


Rebordos montañosos da meseta	Nos bordos da meseta dispóñense diversas cadeas montañosas: • Ao noroeste, o macizo galaico-leonés. • Ao norte, a cordilleira cantábrica. • Ao leste, o Sistema Ibérico. • Ao sur, Serra Morena.
Relevo externo á meseta	Cordilleiras ou depresións que non están en contacto coa meseta: • Montes vascos. • Pireneos. • Cordilleira costeiro-catalá. • Cordilleiras béticas (con Serra Nevada, onde está o pico máis alto da península, o Mulhacén). • Depresión do Ebro (percorrida polo río Ebro). • Depresión do Guadalquivir (percorrida polo río Guadalquivir).
Relevo extrapeninsular	• Nas illas Canarias destaca o volcán Teide (o pico máis alto de España, duns 3.718 metros). • Nas illas Baleares destaca a Serra de Tramuntana.



"Mapa físico de España" (Centro Nacional de Información Geográfica, CC-BY-SA-4.0).

Os grandes ríos de España pódense organizar segundo o mar ou o océano en que desembocuen:

Ríos de España	
Ríos que desembocan no Atlántico (vertente atlántica)	• Miño • Douro (Duero) • Texo (Tajo) • Guadiana • Guadalquivir
Ríos que desembocan no Mediterráneo (vertente mediterránea)	• Ebro • Xúcar (Júcar) • Segura
Ríos que desembocan no Cantábrico (vertente cantábrica)	• Nervión • Nalón



"Demarcacións hidrográficas de España 2012, mapa 13483 spa (Centro Nacional de Información Geográfica, CC-BY-SA-4.0).

1.2 Climas e vexetación de España

En España podemos distinguir as seguintes áreas climáticas e a súa vexetación natural:


Climas e vexetación natural de España	
Clima oceánico	• Localizado no noroeste e norte. Temperaturas suaves e abundancia de precipitacións. • Vexetación: bosque caducifolio (carballo, faia...), coníferas, pradaría e matogueira (breixo...).
Clima mediterráneo e mediterráneo continental	• O clima mediterráneo localízase no litoral mediterráneo. Cunha temperatura media anual alta e precipitacións moderadas e irregulares, con seca estival. • No interior da península aparece o clima mediterráneo continentalizado (ou continental), con contraste entre as temperaturas invernales (baixas) e as do verán (altas). • Vexetación: bosque perennifolio (aciñeira, sobreira); matogueira (xara, romeu...), e nas zonas máis áridas aparece a estepa con vexetación de pouco porte.
Clima de alta montaña	• Atópase en sistemas montañosos por riba dos 1.000 m. Temperatura media anual baixa e abundantes precipitacións (en inverno en forma de neve). Vexetación organizada en altura por pisos: ◦ No cume, mofos e liques. ◦ Descendendo ao seguinte piso aparece a matogueira. ◦ Xa máis abaixo e ao pé da montaña aparece o prado ou o bosque.
Clima canario	• Clima subtropical, temperatura cálida todo o ano. Precipitacións escasas. Vexetación propia (drago, tabaiba, laurisilva...).




Paisaxe de clima oceánico. "Paisaxe de prados de sega en Cantabria (España). Monte (Riotuerto), barrio de Idiopuerta" (soyignatius, CC-BY-SA-2.0).



Paisaxe de estepa (clima mediterráneo continentalizado). "Sanabria-lagoa de Los Peces y de las Yervas" (Rubén_hc, CC-BY-SA-2.0).



Paisaxe de clima mediterráneo. "Chequilla, Guadalajara, Parque Natural do Alto Texo" (Javier Martín Espartosa, CC BY-NC-ND 2.0).



Mapa dos climas de España: amarelo-clima mediterráneo; marrón-clima mediterráneo continentalizado; verde escuro-clima oceánico de interior; verde claro-clima oceánico; azul-clima de montaña; laranxa-clima subtropical. "Climas de España" (Ftorrespiguera1985, CC-BY-SA-4.0)



Paisaxe canaria. "Drago de Icod de los Vinos. Tenerife" (Miguel Ángel García, CC-BY-2.0).




Paisaxe de clima de alta montaña (Pireneo aragonés). Vistas de Respomuso (Francisco Chornet, CC-BY-NC-SA-2.0).

EXERCICIOS

Exercicio 1

Sitúa no mapa:

- a) Pireneos.
- b) Douro.
- c) Cordilleira cantábrica.
- d) Texo.
- e) Sistema Ibérico.
- f) Guadalquivir.



"Península ibérica-Iberian Peninsula" (Emilio Gómez Fernández, CC-BY-SA-3.0).

Exercicio 2

Cales son as características do clima mediterráneo e do mediterráneo continental?

2. O MEDIO FÍSICO DE GALICIA

2.1 Relevo e ríos de Galicia

Podemos sintetizar nas seguintes táboas o relevo continental e costeiro galego:

Relevo continental galego	
Macizo galaico: É a unidade de relevo galego dominante; está basculada cara ao oeste (por iso boa parte dos ríos galegos desembocan na costa oeste). O macizo galaico forma parte, xunto cos montes de León, do rebordo montañoso noroccidental da meseta. No macizo galaico, pola súa vez, podemos identificar:	Sistemas montañosos • Serras orientais: ao leste, é a zona coas maiores alturas de Galicia. Entre outras serras, atópanse: a) Serra dos Ancares. b) Serra do Courel. c) Serra do Eixe, coa maior altura de Galicia: Pena Trevinca, de 2.127 metros. d) Macizo central ourensán, coa montaña de Cabeza de Manzaneda (1.778 metros). • Serras setentrionais: ao norte, coa Serra do Xistral. • Dorsal galega: cadea montañososa que percorre o centro de Galicia en sentido norte-sur; composta de diversas serras (Cova da Serpe, Faro, Testeiro, Suído...). • Serras litorais: situadas na costa, por exemplo, a Serra da Barbanza.
	Depresións • Depresión meridiana: vai do norte ao sur, aproximadamente dende Carballo ata Tui.
	Mesetas • Meseta de Lugo: Situada na zona central da provincia de Lugo.
	Vales • Val do Miño, val do Sil... percorridos polos ríos mencionados.

Relevo costeiro galego

A costa galega, bañada polo Atlántico (e no sector norte, polo mar Cantábrico), caracterízase por ser moi **recortada**

Rías	Divididas en dous grandes grupos: • Rías altas: localizadas no Cantábrico (Ribadeo, Foz..) e no Atlántico (Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Betanzos, A Coruña, Camariñas, Corme...). • Rías baixas: de maior penetración do mar na terra. Situadas no Atlántico, dende a ría de Corcubión cara ao sur (Muros-Noia, Arousa, Pontevedra, Vigo...).
Cabos	Fisterra, Ortegal, Estaca de Bares...
Illas	Arquipélagos das Cíes, Ons, Sisargas.
Golfos	Golfo Ártabro.



"Rías baixas GL" (Edoardo, CC-BY-SA-3.0).



"Rías altas GL" (Edoardo, CC-BY-SA-3.0).

Ríos de Galicia

Os ríos galegos son moi numerosos debido ao relevo accidentado e á abundancia de precipitacións propias do clima oceánico, e o seu caudal é regular (a auga que levan non ten variacións estacionais extremas). Agrúpanse en dúas grandes vertentes dependendo de onde desembocan:

Vertente cantábrica	Eo, Masma...
Vertente atlántica	Miño (co seu afluente, o Sil), Eume, Tambre, Umia, Ulla...



O Miño ao seu paso por Portomarín.
"Portomarín" (José Antonio Gil Martínez,
CC-BY-SA2.0)


2.2 Climas e vexetación de Galicia

O **clima oceánico** é o dominante en Galicia, mais percíbense unha serie de variedades:

- Clima oceánico costeiro ou litoral:** tipicamente oceánico, con chuvias abundantes e temperaturas moderadas todo o ano.
- Clima oceánico interior:** con menos precipitacións, ao estar afastado da costa, por onde penetran as masas de aire húmido do Atlántico, e con maior oscilación nas temperaturas (veráns máis calorosos e invernos máis fríos).
- Clima oceánico de montaña:** nas zonas de maior altitude, con temperaturas máis baixas e precipitacións en forma de neve.
- Clima oceánico de transición ao mediterráneo:** localizado nos vales do Miño e Sil, ten temperaturas altas e precipitacións baixas respecto das anteriores variedades climáticas.

A **vexetación natural** característica galega é a propia do clima oceánico, o **bosque caducifolio** (carballo, castiñeiro...), alternando con **sotobosque** (toxo, fento...). Nas áreas montañosas atopamos, xunto co carballo, a faia. Nas zonas de clima oceánico do interior ou de clima oceánico de transición ao mediterráneo aparecen o caxigo e rebolo. Tamén existen especies introducidas polo ser humano que, debido ao seu crecemento máis rápido, proporcionan maior rendibilidade a curto prazo, como o **eucalipto** ou o **piñeiro**.

Alternando coas formacións arbóreas aparece a **landa** (matogueira formada por breixo, toxo, xesta) e o **prado**, grande extensión de herbáceas aproveitadas para alimentar o gando.



Bosque caducifloio galego.
"Ancares-O Courel. Devesa da
Rogueira01" (Tanja Freibott, CC-
BY-SA-4.0).

EXERCICIOS


Exercicio 3

Cales son as variedades do clima oceánico que podemos atopar en Galicia?

Exercicio 4

Localiza no mapa físico de Galicia:


- a) O Miño
- b) O Ulla
- c) A serra dos Ancares
- d) A serra do Eixe
- e) As illas Cíes



Mapa físico mudo de Galiza (Rene Riobo, CC BY-SA 4.0)

SOLUCIÓNS

Exercicio 1



Modificación a partir de "Península ibérica-Iberian Peninsula" (Emilio Gómez Fernández, CC-BY-SA-3.0).

Exercicio 2

O clima mediterráneo localízase no litoral mediterráneo. Caracterízase por ter unha temperatura media anual alta e precipitacións moderadas.

O clima mediterráneo continentalizado (ou continental) aparece no interior da península, caracterizado polo contraste entre as temperaturas invernais (baixas) e as do verán (altas).

A vexetación propia deste clima é o bosque perennifolio (aciñeira, sobreira), a matogueira (xara, romeu...) e nas zonas máis áridas aparece a estepa con vexetación de pouco porte.


Exercicio 3

En Galicia atopamos as seguintes variedades de clima oceánico:

- a) Clima oceánico costeiro ou litoral: é o clima tipicamente oceánico, con chuvias abundantes e temperaturas moderadas todo o ano.
- b) O clima oceánico interior: ao estar afastado da costa, por onde penetran as masas de aire húmido, ten menos precipitacións e unha maior oscilación nas temperaturas (veráns máis calorosos e invernos máis fríos).

- c) O clima oceánico de montaña: atópase nas zonas de maior altitude, ten temperaturas máis baixas e precipitacións en forma de neve.

Exercicio 4



Modificación a partir de "Mapa físico mudo de Galiza (Rene Riobo, CC BY-SA 4.0)